



# BOP

LUNS, 17 DE XANEIRO DE 2022

N.º 012

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (SERVIZO DE TURISMO)

##### *Anuncio*

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 30 de decembro de 2021, acordou a aprobación das bases da convocatoria do Programa *Coñece a túa Provincia* (anualidade 2022). Co fin de dar cumprimento a dito acordo, publícanse as correspondentes bases e procédese á convocatoria do programa:

#### **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA “COÑECE A TÚA PROVINCIA” (ANUALIDADE 2022)**

A Deputación de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 36 apartado d) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, sen prexuízo das competencias que neste ámbito correspondan ás demais Administracións Públicas. Asemade, de acordo co establecido no artigo 6º apartado a) da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia, as entidades locais de ámbito supramunicipal asumirán competencias no eido da promoción dos recursos turísticos e xeodestinos, segundo a definición contemplada no artigo 23.1, que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica.

No marco das competencias sinaladas, co obxecto de dar cumprimento aos diversos obxectivos da Axenda 2030 das Nacións Unidas, e tamén co fin de paliar os efectos xerados pola pandemia da Covid 19 no tecido produtivo da provincia de Lugo, a Deputación de Lugo leva desenvolvendo diversas políticas e accións. Co compromiso de continuar loitando contra os efectos da crise sanitaria, en febreiro de 2021 presentouse o Plan de impulso da economía da provincia de Lugo. Neste plan inclúese un decálogo con dez medidas de apoio directo, de promoción e de incentivo do consumo coas que se pretende contribuír a manter e recuperar os sectores económicos máis afectados polas restricións sanitarias, sobre todo a hostalería, o turismo e o comercio local. Dentro destas medidas atópase o programa “COÑECE A TÚA PROVINCIA”, que ten como obxectivos esenciais:

- Contribuír á reactivación da hostalería e do turismo provincial para axudar a paliar os efectos adversos provocados pola pandemia da Covid 19, favorecendo a creación e mantemento do emprego directo e indirecto.
- Apoiar e dar visibilidade tanto aos diferentes destinos como aos establecementos e profesionais que forman parte da cadea de valor do sector do turismo e da hostalería na provincia de Lugo.
- Contribuír á recuperación da confianza da demanda turística e á promoción da provincia de Lugo como destino seguro.
- Servir como instrumento de sensibilización das veciñas e veciños sobre o potencial turístico dos 67 concellos da provincia de Lugo e da importancia da preservación do seu legado natural e cultural como elemento que contribúe ao desenvolvemento sostible no eido económico, social e medioambiental.
- No marco da Axenda 2030 (meta 8.9), impulsar un turismo sostible, que cree postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais.

Con estes obxectivos, a Deputación de Lugo, a través da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, convoca a segunda edición deste programa, dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia de Lugo, a cuxa disposición se pon un catálogo de 37 itinerarios que abarcan os 67 concellos da provincia.

#### **BASES**

##### **Primeira: obxecto**

O obxecto destas bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de excursións dentro da provincia de Lugo no marco do programa “COÑECE A TÚA PROVINCIA” (anualidade 2022).

##### **Segunda: destinatarios**

Poderán participar neste programa todas as entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas con sede na provincia de Lugo.

Na anualidade 2022 ofertaranse un máximo de 3036 prazas, repartidas nos seguintes períodos:

- Primavera (entre os meses de marzo e xuño): un máximo de 1794 prazas.
- Outono (entre os meses de setembro e novembro): un máximo de 1242 prazas.

### **Terceira: lugar e prazo de presentación das solicitudes**

**3.1** As solicitudes dirixiranse á Presidencia da Deputación de Lugo e presentaranse a través da sede electrónica da Deputación <https://sede.deputacionlugo.org/opencms/opencms/sede>, apartado "Trámites Xerais", no espazo habilitado para o programa "COÑECE A TÚA PROVINCIA". As solicitudes (de acordo co modelo que figura no Anexo I destas bases), tamén poderán presentarse, previa cita no teléfono 982 260 030, no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo onde se realizará a comprobación dos datos identificativos da persoa física ou xurídica a efectos do seu rexistro electrónico. Igualmente, as solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Se as solicitudes se presentaran na oficina de Correos, farase de acordo co artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o Regulamento de prestación de Servizos Postais.

**3.2** O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As solicitudes presentadas fóra do prazo indicado serán desestimadas.

**3.3** Cada entidade interesada poderá presentar como máximo unha solicitude por convocatoria. No caso de que presenten máis dunha solicitude, só se terá en conta a rexistrada en primeiro lugar.

**3.4** No caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos nestas bases, o órgano instrutor requirirá á entidade interesada que emende as faltas ou presente a documentación complementaria que corresponda no prazo de 10 días hábiles, indicándolle que, de non facelo, se terá por desistida a petición, previa resolución que se ditará de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

### **Cuarta: documentación a presentar coa solicitude**

As entidades interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, unha copia do NIF.

### **Quinta: notificacións**

**5.1** As notificacións de resolución e doutros actos administrativos practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común cando as solicitudes se realizasen a través da sede electrónica da Deputación de Lugo. No caso de que as solicitudes se teñan presentado no Rexistro Xeral da Deputación, noutros rexistros ou nas oficinas de Correos, as notificacións practícaranse polo medio indicado na solicitude.

**5.2** No caso de notificacións telemáticas, estas entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderase rexeitada cando transcorran 10 días naturais desde que a notificación se poña á disposición da entidade interesada sen que se acceda a esta no prazo indicado.

**5.3** O sistema remitiralles ás entidades interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere válida.

### **Sexta: instrución e criterios de adxudicación das excursións.**

**6.1** A instrución do procedemento corresponderá á Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), sendo o órgano competente para a aprobación da listaxe de entidades admitidas e excluídas ou en agarda, así como as posibles renuncias posteriores -de ser o caso-, a Xunta de Goberno, que resolverá no prazo máximo de 2 meses.

**6.2** A orde de prelación da listaxe de entidades admitidas establecerase conforme á orde de presentación das solicitudes no correspondente rexistro, segundo data e hora que figure na documentación, ata esgotar as prazas dispoñibles e dando prioridade a aquelas entidades ás que non lles fora concedida unha excursión na edición do programa desenvolvida na anualidade 2021.

No caso de presentarse solicitudes nas que xunto coa data non figurase hora de entrega da documentación, estas entenderanse entregadas en último lugar na data correspondente. De haber máis dunha entidade en cuxa solicitude non figure a hora de entrega na mesma data, a orde de prelación entre estas establecerase por orde alfabética tomando como referencia a letra inicial do municipio onde teñan a súa sede.

Para o recuento das prazas asignadas tomarase como referencia o número máximo de participantes que indique cada entidade na súa solicitude.

**6.3** No caso de cubrirse as 3036 prazas en primeira convocatoria, elaborárase -de ser procedente-, unha listaxe de agarda coas restantes solicitudes por orde de presentación no correspondente rexistro, priorizando, no seu caso, as entidades que non lles fose concedida unha excursión na edición do programa correspondente á anualidade 2021. De ser posible dende o punto de vista organizativo, poderán terse en conta estas solicitudes

no caso de que algunha das entidades seleccionadas renunciase á súa participación no programa ou no caso de que chegasen a quedar prazas vacantes durante a execución do mesmo para formar grupo, tomando como referencia o número de prazas mínimo e máximo indicado nestas bases, así como o número de prazas solicitado polas entidades nas respectivas instancias.

**6.4** No suposto de que as prazas non se cubran en primeira convocatoria, de ser posible dende o punto de vista organizativo, a Deputación de Lugo resérvase o dereito de abrir un novo prazo de inscrición ou para ampliar a convocatoria inicial co obxecto de que as entidades que resultasen beneficiarias dentro do primeiro prazo tamén poidan solicitar unha segunda excursión.

#### **Séptima: Publicación das listaxes de solicitudes e contacto coas entidades admitidas**

A relación das entidades admitidas e excluídas, así como a listaxe de agarda, no seu caso, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 45 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo da publicación da listaxe de solicitudes no Boletín Oficial da Provincia, o Servizo de Turismo contactará directamente coa persoa representante de cada entidade que figure como admitida na correspondente listaxe. O contacto inicial realizarase por teléfono coas diferentes entidades segundo a orde de admisión e co fin de asignar unha data e itinerario para a excursión. No caso de que a persoa representante dalgunha entidade admitida non responda á chamada realizada polo Servizo de Turismo nos diferentes teléfonos facilitados no impreso de solicitude, contactarase deseguido coa seguinte entidade que figure na lista.

#### **Oitava: Condicións do programa**

**8.1 Servizos incluídos:** a excursión concedida a cada entidade beneficiaria do programa “*COÑECE A TÚA PROVINCIA*” incluírá o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Con cada grupo participante irá en todo momento un guía acompañante, sendo as visitas realizadas por profesionais que contén coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e polo persoal encargado de atención ao público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa.

**8.2** A participación no programa “*COÑECE A TÚA PROVINCIA*” (anualidade 2022) terá carácter gratuito para as entidades beneficiarias.

**8.3 Número de participantes:** En cada excursión poderán participar un máximo de 23 persoas e un mínimo de 11. De non acadarse o mínimo de 11 persoas para formar grupo, a viaxe será anulada. O número máximo de viaxeiros queda condicionado a eventuais disposicións normativas que puidesen entrar en vigor durante o período de execución do programa por razóns sanitarias.

**8.4 Calendario de execución:** as excursións concedidas no marco da edición 2022 do programa “*COÑECE A TÚA PROVINCIA*” terán lugar entre os meses de marzo e xuño (primavera) e setembro e novembro (outono), en días laborables (entre os luns e os venres agás festivos). En todo caso, o Servizo de Turismo da Deputación de Lugo determinará os días concretos nos que finalmente se realizarán as excursións, asignando en primeiro lugar as datas correspondentes á edición de primavera, e posteriormente e ao longo do ano, aquelas que correspondan ao período de outono.

Os colectivos indicarán opcionalmente na solicitude o mes de preferencia para realizar a excursión, sen que esta elección sexa vinculante para a Deputación de Lugo.

**8.5 Visitas:** os itinerarios do programa “*COÑECE A TÚA PROVINCIA*” son os especificados no catálogo dispoñible no Anexo III destas bases, na sede electrónica da Deputación de Lugo e no apartado informativo correspondente ao programa que consta na web turismo.deputacionlugo.gal. En todo caso, a excursión asignada a cada entidade beneficiaria iniciarase obrigatoriamente nun centro ou dependencia da Deputación de Lugo, seguida das visitas incluídas nun dos 37 itinerarios elaborados para este programa.

As entidades interesadas indicarán opcionalmente nas súas solicitudes ata tres centros ou dependencias da Deputación de preferencia (sendo asignado un para a primeira visita da excursión), así como un mínimo de tres e un máximo de cinco itinerarios para realizar a viaxe correspondente no marco do programa (ver Anexo III). Para obter información máis detallada sobre cada itinerario, as entidades interesadas poderán dirixirse ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo a través dalgún dos medios establecidos na base décimo primeira.

Dada a obrigatoriedade de visitar un centro da Deputación de Lugo ao inicio de cada itinerario e, tendo en conta a ubicación destes (municipio de Lugo ou Castro Ribeiras de Lea - no caso da Granxa Gayoso Castro-), os itinerarios asignaranse a cada entidade tomando como referencia o seu lugar de procedencia, non sendo posible realizar percorridos nos que os centros da Deputación non queden en ruta entre o punto de orixe do grupo e o destino determinado polo itinerario escollido.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de poder cambiar algúns dos lugares de visita incluídos nos itinerarios durante a execución do programa. Estes cambios serán en todo caso comunicados á persoa representante da entidade beneficiaria á que afectase o cambio realizado.

Respecto das visitas a centros e dependencias da Deputación e aos itinerarios o sinalados polas entidades como preferentes nas súas solicitudes, terán carácter orientativo e non serán vinculantes para a Deputación de Lugo. A

tal efecto, o Servizo de Turismo resérvase o dereito de propoñer outros itinerarios alternativos ás entidades participantes, dentro dos que figuran no Anexo III destas bases.

**8.6 Xantar:** o menú de xantar incluírá un primeiro prato (a escoller entre dúas opcións), un segundo prato (a escoller entre dúas opcións), sobremesa (a escoller entre dúas opcións, sendo unha delas froita), pan, as bebidas indicadas en cada excursión e café ou infusión. Os participantes terán acceso á información sobre as opcións de menú e sobre o restaurante no que terá lugar o servizo de xantar o día da viaxe. No caso de que algún dos participantes padeza algún tipo de intolerancia alimentaria, informárase desta circunstancia ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo como máximo 72 horas antes da excursión, co fin de poder adaptar o menú para a persoa ou persoas que o precisen.

**8.7 Paradas de autobús para a recollida dos participantes:** estableceranse un máximo de tres puntos de recollida para cada grupo. Ditas paradas determinaranse a semana anterior á viaxe, podendo admitirse algún cambio excepcional ata o día laborable anterior á excursión ás 12:00 horas. As paradas deberán estar situadas en zonas amplas e de fácil acceso e manobra para o transporte.

As paradas poderanse situar dentro dun mesmo municipio, en municipios xeográficamente limítrofes entre si, ou ben en municipios non limítrofes coa condición de que tomando como referencia a parada máis afastada do primeiro lugar de visita da xornada, as restantes queden dentro do percorrido directo a realizar polo transporte ata a chegada ao centro ou dependencia da Deputación de Lugo que abrirá o programa de cada viaxe, que tamén poderá establecerse como punto de partida para entidades ou membros destas que así o desexen (computándose dentro do máximo de tres paradas indicado).

No caso de que os puntos de recollida non se atopen situados en municipios limítrofes, o Servizo de Turismo valorará previamente o percorrido a realizar polo transporte, reservándose o dereito de non autorizar esta modalidade de paradas en función do desvío que impliquen con relación á ruta principal.

As horas definitivas de recollida dos participantes en orixe serán confirmadas polo Servizo de Turismo da Deputación de Lugo á persoa representante da entidade beneficiaria a semana anterior á viaxe.

**8.8 Persoas con discapacidade:** os colectivos integrados por persoas con discapacidade informarán na solicitude sobre as posibles necesidades especiais dos participantes que deba coñecer a Deputación de Lugo para unha óptima organización da excursión.

No caso de que os integrantes dalgunha entidade interesada no programa presenten condicións de mobilidade reducida e empreguen cadeiras de rodas, deberán facer constar esta circunstancia na solicitude de participación, co fin de poder adaptar os diferentes servizos e visitas, creando itinerarios específicos accesibles.

Con carácter xeral, o número máximo de persoas usuarias de cadeiras de rodas que poderán participar nunha mesma excursión será de catro. Excepcionalmente, no caso de que máis membros do grupo puideran ser usuarios de cadeiras de rodas, o Servizo de Turismo valorará a adecuación dos medios dispoñibles no marco do programa para poder prestar o servizo.

En todo caso, as persoas con discapacidade deberán ir acompañadas por persoal de asistencia cando o precisen. Este persoal deberá exercer en todo momento durante a xornada da excursión a súa labor de apoio. Dende a Deputación de Lugo non se proporcionará ás entidades participantes persoal de asistencia especializado.

**8.9 Menores de idade:** no caso de participar menores de idade nalgunha das excursións, estes deberán ir acompañados en todo momento por adultos, que serán os responsables da súa vixilancia e seguridade. Requirirase como mínimo un adulto por cada dez menores ou fracción. A persoa representante de cada entidade participante será responsable de obter as oportunas autorizacións dos pais/nais ou representantes legais das persoas menores de idade para a súa participación na excursión, entregándoas ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo a semana anterior á viaxe.

**8.10 Realización e difusión de fotografías e vídeos:** durante o desenvolvemento das excursións, o persoal de acompañamento tomará fotografías ou realizará gravacións. A Deputación de Lugo resérvase o dereito de difundir por calquera medio estas imaxes. No caso de que formen parte do grupo menores de idade, a persoa representante de cada entidade participante será responsable de obter as oportunas autorizacións dos pais/nais ou representantes legais das persoas menores de idade, entregándoas ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo a semana anterior á viaxe.

**8.11 Penalizacións:** no caso de que as entidades beneficiarias cancelen a viaxe o mesmo día da excursión sen causa xustificada de forza maior, ou no caso de que nesa mesma data se produza un número de baixas superior a un terzo do número de participantes confirmado a semana anterior á viaxe (sempre co límite de 11 persoas para poder realizar a excursión) e tamén sen causa xustificada de forza maior, perderán o dereito a participar tanto na presente como na seguinte edición do programa "COÑECE A TÚA PROVINCIA".

#### **Novena: Obrigas das entidades e persoas participantes**

**9.1** Cada entidade beneficiaria designará unha persoa representante que se encargará das comunicacións co Servizo de Turismo da Deputación de Lugo. Esta persoa terá corresponsabilidade na organización da excursión e deberá aportar ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo toda a información relativa ás características e

necesidades especiais do grupo, de ser o caso, para un óptimo deseño e desenvolvemento do programa de cada viaxe.

**9.2** Cada entidade encargarse de organizar aos participantes e de informar aos membros do colectivo sobre a posibilidade de participar na excursión na forma en que mellor conveña para a súa organización, responsabilizándose igualmente de informalos das características do itinerario asignado no que se refire ás visitas comprendidas no mesmo, grado de dificultade e recomendacións prácticas para a súa realización, información que previamente se facilitará dende o Servizo de Turismo da Deputación de Lugo.

En todo caso, unha semana antes da excursión, a persoa que actúe en representación da entidade beneficiaria no marco do programa proporcionará ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo a través do enderezo de correo electrónico [atuaprovincia@deputacionlugo.org](mailto:atuaprovincia@deputacionlugo.org) ou por calquera outro medio no que quede constancia escrita, o dato relativo ao número de persoas que participarán na viaxe correspondente (que non poderá superar o máximo sinalado na solicitude nin ser inferior a 11), os seus nomes, apelidos e nº de DNI, así como información detallada sobre posibles necesidades especiais das persoas participantes. A Deputación de Lugo non se fai responsable de eventuais erros na organización que se deriven dunha falta de información precisa e detallada sobre este extremo. Con posterioridade ao envío da lista de participantes, admitiranse cambios puntuais na mesma ata o día laborable anterior á excursión ás 12:00 horas.

**9.3** Ao remate da xornada, a persoa que asista á excursión en calidade de responsable de grupo asinará unha declaración responsable de participación na que constará o seu nome e nº de DNI, denominación e NIF da entidade e o número de persoas que participaron no programa na data correspondente. O documento será proporcionado pola persoa que exerza como guía acompañante.

**9.4 Medidas Covid 19:** As medidas sanitarias aplicables ao programa quedan condicionadas pola normativa que en cada momento resulte de aplicación, así como polas normas internas de carácter hixiénico- sanitario que se establezan en cada un dos lugares de visita, no seu caso.

**9.5** Dado o carácter gratuíto no programa “*COÑECE A TÚA PROVINCIA*” (anualidade 2022), as entidades beneficiarias non poderán cobrar un prezo ás persoas participantes pola asistencia ás excursións.

**9.6** O gasto ou consumo realizado a maiores dos servizos incluídos nas excursións do programa correrá por conta dos participantes.

**9.7** A solicitude de participación no programa “*COÑECE A TÚA PROVINCIA*” implica a aceptación directa destas bases e da participación no programa, no caso de resultar beneficiario.

**9.8 Renuncia:** no caso de que a entidade beneficiaria decida renunciar ao programa ou non reúna a cantidade mínima de participantes esixida, deberá presentar por rexistro cuberto e asinado o modelo de renuncia que figura no Anexo II destas bases reguladoras no prazo máximo de dez días naturais antes da excursión. No caso de que a renuncia se produza nun prazo inferior ao indicado, a entidade perderá o dereito de participar na seguinte edición do programa, agás que a renuncia sexa debida a causas de forza maior xustificadas.

**9.9** As persoas que ostenten a representación das entidades interesadas neste programa serán responsables da veracidade dos datos que figuran na solicitude de participación.

#### **Décima: Orzamento do programa**

A contía consignada para a anualidade 2022 do Programa *Coñece a túa Provincia* ascende a un total de 215.586,36 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4320.22799. A Deputación de Lugo non garante a ocupación dun número mínimo de prazas, xa que a cantidade final resultante dependerá do número de entidades e persoas que finalmente participen no programa.

A contía do programa será financiada integramente pola Deputación de Lugo.

#### **Décimo primeira: Consultas e comunicación**

As entidades interesadas no programa poderán formular as súas consultas ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo a través do enderezo de correo electrónico [atuaprovincia@deputacionlugo.org](mailto:atuaprovincia@deputacionlugo.org) ou nos teléfonos 982260234/982260011/982260219, de luns a venres de 9:00 a 14:30 horas. Igualmente, calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberá comunicarse igualmente ao Servizo de Turismo no enderezo de correo electrónico indicado.

#### **Décimo segunda: Protección de datos**

Os datos de carácter persoal que consten na solicitude serán tratados pola Deputación de Lugo e incorporados á actividade de tratamento “Xestión do programa *Coñece a túa provincia*”, cuxa finalidade é a tramitación das solicitudes e comunicacións relativas a dito programa. A lexitimación desta finalidade está baseada no cumprimento dunha misión realizada no interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Non está prevista a cesión de datos a terceiros.

Os datos persoais proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se obtiveron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

Para solicitar o acceso, a rectificación, supresión ou limitación do tratamento de datos persoais ou para oporse ao tratamento, no caso de que se den os requisitos establecidos no Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, pode dirixir un escrito ao responsable do tratamento, neste caso, a Deputación de Lugo, dirixindo o mesmo á Deputación de Lugo (Pazo San Marcos), Rúa San Marcos, 8 - 27001 Lugo ou na sede electrónica da Deputación de Lugo (<https://sede.deputacionlugo.org>).

Datos de contacto do DPD: [dpd@deputacionlugo.org](mailto:dpd@deputacionlugo.org)

A información adicional relativa á protección de datos pode consultarse na seguinte ligazón:

[http://deputacionlugo.gal/rexistro\\_actividades\\_tratamento/conhece\\_a\\_tua\\_provincia](http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/conhece_a_tua_provincia)

**Décimo terceira: Outra normativa de aplicación:**

O programa “*COÑECE A TÚA PROVINCIA*” rexeráse, no non regulado expresamente nestas bases, pola seguinte normativa:

- Pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.
- Pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.
- Pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

## ANEXO I: FORMULARIO DE SOLICITUDE

## DATOS DA ENTIDADE\*:

NOME:	NIF:
ENDEREZO/LOCALIDADE:	C.P.:
MUNICIPIO:	TELÉFONO*:
E-MAIL*:	

## DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS:	D.N.I.:
CARGO NA ENTIDADE:	
E-MAIL:	TELÉFONO:

\*As comunicacións por parte do Servizo de Turismo da Deputación de Lugo realizaranse tomando como referencia os datos da entidade.

## DATOS DA PERSOA INTERLOCUTORA ANTE A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A ORGANIZACIÓN DA EXCURSIÓN (cubrir só no caso de que sexa unha persoa distinta á representante anteriormente indicada)

NOME E APELIDOS:	D.N.I.:
CARGO NA ENTIDADE:	
E-MAIL:	TELÉFONO:

## Medio de notificacións:

- Correo ordinario  
 Telemático

## Solicita:

A concesión dunha excursión no marco do programa "COÑECE A TÚA PROVINCIA", para un máximo de \_\_\_\_\_ persoas. (O número mínimo de participantes será de 11 e o máximo de 23, de acordo coa base 8.3).

**Sinale opcionalmente o mes de preferencia para realizar a excursión (elección non vinculante para a Deputación de Lugo)**

- Marzo  Abril  Maio  Xuño  Setembro  Outubro  Novembro

Os itinerarios de preferencia para a participación no programa "COÑECE A TÚA PROVINCIA" na excursión solicitada son:

1ª VISITA OBRIGATORIA A CENTRO OU DEPENDENCIA DA DEPUTACIÓN DE LUGO: (sinale optativamente ata 3 opcións de acordo coa base 8.5).

- Pazo de San Marcos.  
 Produtora de audiovisuais.  
 Mazo de Santa Comba.  
 Centro de Interpretación Terras do Miño.  
 Granxa Gayoso Castro.  
 Fogar de Santa María

**ITINERARIO** (Indique un mínimo de 3 e un máximo de 5 opcións. Sinale o nº de itinerario de acordo co catálogo publicado no Anexo III, na sede electrónica e na web [turismo.deputacionlugo.gal](http://turismo.deputacionlugo.gal)).






**Asistirán menores de idade:**

SI  NON

**OBSERVACIÓNS** -indicar no caso de que asistan persoas con discapacidade, intolerancias alimentarias e/ou persoas con mobilidade reducida usuarias de cadeiras de rodas (ata un máximo de catro, sen prexuízo do establecido na base 8.8-), para a súa valoración por parte do Servizo de Turismo da Deputación de Lugo. Igualmente, deberá facerse constar calquera outra circunstancia que se considere relevante para unha óptima organización da excursión:-

**Declaro baixo a miña responsabilidade:**

- Que os datos que figuran nesta solicitude son certos.
- Que coñezo as bases da convocatoria, en especial as condicións do programa (base oitava) e as obrigas que nelas se inclúen para entidades e persoas participantes (base novena).

**PROTECCIÓN DE DATOS:**

<b>Responsable do tratamento</b>	Deputación de Lugo. Servizo de Turismo
<b>Finalidade</b>	Tramitación das solicitudes e comunicacións relativas ao programa "COÑECE A TÚA PROVINCIA"
<b>Lexitimación</b>	Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada no interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento
<b>Destinatarios</b>	Non previstos
<b>Exercicio de dereitos</b>	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos
<b>Procedencia</b>	O propio interesado ou o seu representante legal



Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte:

[http://deputacionlugo.gal/rexistro\\_actividades\\_tratamento/conhece\\_a\\_tua\\_provincia](http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/conhece_a_tua_provincia)

**Xunto con esta solicitude, entregárase copia do NIF da entidade.**

(Sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO

**ANEXO II**  
**FORMULARIO DE RENUNCIA**

**DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE E INTERLOCUTORA ANTE A DEPUTACIÓN DE LUGO:**

NOME E APELIDOS:		D.N.I.:	
DENOMINACIÓN DA ENTIDADE:			
N.I.F.:		CARGO NA ENTIDADE:	
E-MAIL:		TELÉFONO:	

**Renuncio:**

Á excursión concedida dentro do programa "COÑECE A TÚA PROVINCIA" para o día\_\_do mes de \_\_\_\_\_ de 2022.

Indicación do motivo da renuncia: \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

(Sinatura)

**ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO**

**ANEXO III: CATÁLOGO DE RUTAS****UNHA VISITA INICIAL AOS SERVIZOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN A ESCOLLER ENTRE:**

Pazo de San Marcos.

Produtora de audiovisuais.

Granxa Gayoso Castro.

Mazo de Santa Comba.

Centro de Interpretación Terras do Miño.

Fogar de Santa María

**UN ITINERARIO A ESCOLLER ENTRE:****A MARIÑA**

**RUTA 1 (O VICEDO, VIVEIRO E OUIROL):** Visita á área etnográfica da Insua, panorámica da praia de Covas (Viveiro), visita á ferverza da Xestosa (Ouroil) e visita ao Fuciño do Porco e á praia de Abrela (O Vicedo).

*\*Itinerario non recomendado para persoas con dificultades para camiñar. No caso de condicións climatolóxicas adversas, a visita ao Fuciño do Porco será substituída polo casco histórico de Viveiro.*

**RUTA 2 (XOVE E VIVEIRO):** Visita ao faro de Punta Roncadoira (Xove). Visita ao monumento natural do Souto da Retorta (eucaliptos de Chavín) e ao casco histórico de Viveiro.

**RUTA 3 (CERVO):** Visita á fábrica de Sargadelos, ao paseo dos Namorados e á vila de San Cibrao: praia do Torno, carpintería de ribeira e Museo do Mar (Cervo).

**RUTA 4 (BURELA E FOZ):** Visita ao porto pesqueiro e ao barco-museo boniteiro Reina del Carmen. Visita panorámica das praias de Foz dende o paseo marítimo (Peizás, Llás). Visita á vila de Foz (percorrido dende o porto pesqueiro á praia da Rapadoira) e visita á basílica e centro de interpretación de San Martiño.

**RUTA 5 (BARREIROS E RIBADEO):** Percorrido a pé polo paseo marítimo Barreiros, visita á Praia das Catedrais e Rinlo. Visita ao casco histórico de Ribadeo.

**RUTA 6 (LOURENZÁ E MONDOÑEDO):** Visita á igrexa parroquial do Mosteiro de Lourenzá, Centro de Interpretación da Faba e Cooperativa Terras da Mariña. Visita ao casco histórico de Mondoñedo.

**RUTA 7 (O VALADOURO E ALFOZ):** Visita á ferverza do Pozo da Onza (O Valadouro) . Visita ao Pico da Frouxeira. Visita ao castelo de Castrodouro e á Finca Galea (Alfoz).

**RUTA 8 (TRABADA, A PONTENOVA E RIOTORTO):** Visita ao Museo Etnográfico José Rocha (Trabada). Visita aos fornos da Pontenova e ao museo da pesca. Visita ao Mazo da Fraga en Ferreiravella (Riotorto).

**RIBEIRA SACRA LUCENSE**

**RUTA 9 (MONFORTE):** Visita ao Pazo de Tor, visita ao casco histórico de Monforte de Lemos, explicación do Colexio do Cardeal e visita ao Centro do Viño da Ribeira Sacra.

**RUTA 10 (SOBER):** Visita a unha adega en Amandi, visita a dous miradoiros en Sober (vistas sobre as vides de Amandi e sobre o Canón do Sil), visita ao románico de Sober.

**RUTA 11 (SOBER, MONFORTE):** Visita á Rectoral de Gundivós, con demostración de olaría tradicional, visita ao Miradoiro do Duque e percorrido en catamarán polo Canón do Sil (catamarán da Deputación de Lugo).

*\*De non estar dispoñible o catamarán, visitarase o Pazo de Tor e o conxunto monumental de San Vicente do Pino en Monforte de Lemos.*

**RUTA 12 (O SAVIÑAO):** Visita ao Ecomuseo de Arxeriz, miradoiro do Cabo do Mundo II en San Lourenzo de Fión e percorrido en catamarán polo Miño dende Belesar pobo (catamarán da Deputación de Lugo-suxeito a dispoñibilidade de datas-).

*\*No caso de non estar dispoñible o catamarán, visitarase unha adega, o pobo de Belesar e a igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño.*

**RUTA 13 (TABOADA, CHANTADA):** Visita á igrexa de San Pedro de Bembibre ou á igrexa de Taboada dos Freires e visita á área recreativa de Ponte Mourulle (Taboada), visita ao casco histórico de Chantada, igrexa de Nogueira de Miño (Chantada) e a unha adega.

**RUTA 14 (PANTÓN, CARBALLEDO):** Visita a unha adega, visita a unha igrexa en Carballedo (Temes ou San Xoan da Cova), visita ao pobo dos Peares, visita ao convento do Divino Salvador de Ferreira de Pantón e á igrexa de San Miguel de Eiré.

**RUTA 15 (PARADELA, PORTOMARÍN):** Visita á igrexa de San Facundo de Ribas de Miño e ao miradoiro de Cabodevila. Visita á vila de Portomarín e os seus monumentos. Visita ao castro de Castromaior (acceso a pé).

**RUTA 16 (BÓVEDA, A POBRA DO BROLLÓN):** Visita á aula forestal Os Trollos (Bóveda), visita ás adegas de Vilachá e ao miradoiro da Capela. Visita ao castro de San Lourenzo (A Pobra do Brollón).

**RUTA 17 (RIBAS DE SIL, QUIROGA):** Visita ao Xeomiradoiro de Louxoá e á igrexa de Torbeo (Ribas de Sil). Visita ao Museo Etnográfico de Quiroga e ao túnel romano de Montefurado.

**RUTA 18 (QUIROGA):** Visita ao Museo Xeolóxico de Quiroga e Xeomiradoiro de Campodola. Visita a unha adega e ao Castelo de Torrenovaes.

#### **O COUREL, ANCARES, TERRAS DE BURÓN E CAMIÑO FRANCÉS NA COMARCA DE SARRIA**

**RUTA 19 (O COUREL):** Visita á aula da Natureza de Moreda na Devesa da Rogueira ou á Fundación Uxío Novoneyra. Visita ao castro da Torre e á aldea de Seceda (Folgo do Courel)

**RUTA 20 (CERVANTES, NAVIA DE SUARNA):** Visita á aldea de Piornedo (Cervantes). Visita á localidade de Navia de Suarna e a unha fábrica de embutidos.

**RUTA 21 (BECERREÁ, AS NOGAIS, CERVANTES):** Convento de Penamaior e Ponte de Gatín (Becerreá), Torre de Doncos (As Nogais) e castelo de Doiras (Cervantes).

**RUTA 22 (O INCIO):** Visita ao encoro de Vilasouto (ruta circular a pé de dificultade baixa), visita á igrexa de San Pedro Fiz de Hospital, santuario de San Eufrasio, aldea de Ferrería e monumento ao Mamut (O Incio).

**RUTA 23 (BALEIRA, RIBEIRA DE PIQUÍN):** Visita ás áreas recreativas de Fonte (centro de interpretación do Río Eo) e A Cortevella (Baleira), visita á área recreativa do Chao do Pousadoiro, miradoiro de San Xurxo e ferverza da Pena dos Portelos (Ribeira de Piquín).

*\*Itinerario non recomendado para persoas con dificultades para camiñar.*

**RUTA 24 (A FONSAGRADA, NEGUEIRA DE MUÑIZ):** Visita á seimeira de Vilagocende, Museo Comarcal (A Fonsagrada) e visita a unha adega (Negueira de Muñiz).

**RUTA 25 (PEDRAFITA DO CEBREIRO, TRIACASTELA):** Visita á aldea do Cebreiro (santuario e palloza- museo), percorrido polo Camiño Francés ata o primeiro hito (2 km) e visita á localidade de Triacastela.

*\*No caso de que asistan á excursión persoas con dificultade para camiñar, o percorrido polo Camiño de Santiago substituirase por unha parada adicional en Samos.*

**RUTA 26 (SAMOS E SARRIA):** Visita ao Mosteiro de Samos, capela do Ciprés e casco histórico de Sarria.

#### **LUGO, A ULLOA E A TERRA CHÁ**

**RUTA 27 (LUGO):** Visita á muralla e casco histórico de Lugo, Museo Provincial, capela do Carme, Sala Porta Miñá, ponte romana, termas romanas.

**RUTA 28 (MEIRA, CASTRO DE REI E A PASTORIZA):** Visita ao castro e museo de Viladonga (Castro de Rei), Pedregal de Irímia, Igrexa de Santa María (Meira) e lagoa de Fonmiñá (A Pastoriza).

**RUTA 29 (COSPEITO, VILALBA):** Visita á lagoa de Cospeito e Museo das Aves, casco histórico de Vilalba e Museo Arqueolóxico e da Prehistoria.

**RUTA 30 (GUITIRIZ, FRIOL):** Visita á ponte e igrexa de San Alberte, fonte de Pardiñas e visita a unha panificadora (Guitiriz), visita ao Museo de San Paio de Narla e paseo fluvial (Friol).

**RUTA 31 (BEGONTE, RÁBADE, OUTEIRO DE REI):** Visita á lagoa de Riocaldo (Begonte), ponte vella e contorna do Miño -Insuas do Miño- (Rábade), demostración de olaría de Bonxe e visita a Penas de Rodas (Outeiro de Rei).

**RUTA 32 (ABADÍN, A PASTORIZA, POL):** Igrexa de Santa María (Abadín), museo etnográfico- pedagóxico Villapol (A Pastoriza), muiño do Pacio e área recreativa do Azúmara (Pol).

**RUTA 33 (XERMADE, MURAS):** Visita ao parque eólico experimental de Sotavento (Xermade), Cristo enxoito, explicación da escola habanera de Roupas, visita á área recreativa da Veiga e visita á igrexa de Santa María de Viveiró (Murás).

**RUTA 34 (O CORGO, LÁNCARA, O PÁRAMO):** Vista exterior do pazo de Adai (O Corgo), ponte de Carracedo e vista exterior do Pazo de Lánacara. Visita ao campo da feira de Vilarmosteiro e á igrexa de San Xoán de Friolfe (O Páramo).

**RUTA 35 (BARALLA, CASTROVERDE):** Visita á igrexa de Berselos (Baralla), visita ao convento de Vilabade e torre-fortaleza (Castroverde), breve incursión polo Camiño Primitivo ata a igrexa de Soutomerille (Castroverde).

**RUTA 36 (GUNTÍN, PALAS DE REI):** Visita á igrexa do mosteiro de Ferreira de Pallares e ponte cabalar (Guntín), Visita á igrexa de Vilar de Donas e ao Castelo de Pambre (Palas de Rei).

**RUTA 37 (MONTERROSO, ANTAS DE ULLA):** Visita á igrexa de San Cristovo de Novelúa e área recreativa da Peneda (Monterroso), visita ás igrexas de Amoexa, San Xoan e Santa Mariña de Castro de Amarante e á Fortaleza de Amarante (Antas de Ulla).

Lugo, 30 de decembro de 2021. - O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.- A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0025

## CONCELLOS

### COSPEITO

#### *Anuncio*

#### **BASES PARA A PROVISIÓN DE 2 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES E 1 PRAZA DE PEÓN CONDUCTOR PARA O CONCELLO DE COSPEITO AO ABEIRO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2021**

##### **1.- OBXECTO.**

O obxecto das presentes bases é regular o proceso selectivo para cubrir como persoal laboral temporal mediante concurso-oposición 2 prazas de peóns de servizos múltiples e 1 praza de peón conductor (categoría PEON) para o Concello de Cospeito ao abeiro das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 da Deputación Provincial de Lugo, para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "Programa Fomento do emprego" polo que se achega ao Concello de Cospeito a Cantidade de 34.000€.

O proceso selectivo será o concurso-oposición, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 3 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (en diante TRLEBEP).

##### **2.- TEMPO E DURACIÓN DO CONTRATO.**

A modalidade de contratación será a de contrato de traballo de duración determinada a xornada completa.

A duración do contrato será de 7 meses .

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación do empregado público de Galicia.

##### **3.- LEXISLACIÓN APLICABLE.**

Esta contratación laboral rexeráse polo disposto:

- No artigo 15.1, a) do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.
- Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Real Decreto 896//1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Asemesmo esta contratación rexeráse polo establecido no Plan único de Colaboración cos concellos da Deputación Provincial de Lugo.